

YASMINA REZA

# Unha desolación

Traducido por Xavier Senín



Hugin e Munin

O xardín, enteiramente eu.

Dinme, ten vostede un bo xardineiro. A xente dime: Ten vostede un bo xardineiro! Que xardineiro? Un obreiro, un operario. Un tipo que executa. Ti pensas, el vai coa carretilla e executa. Todo. Eu fíxeno todo neste xardín. Felicitan a Nancy polas flores. Eu decido as cores, as variedades, escollo onde plantalas, compro as sementes, compro os bulbos, e que fai ela? –anda ocupada con iso, dirasme ti–, ela plántaos. Felicítana. Así é a vida. As gabanzas para os inútiles.

Gustaríame que me explicases a palabra *feliz*.

O domingo fállolle de ti á túa irmá, porque eu falo de ti. Ti cres que non falo de ti, pero falo de ti. Ela dime: El *é feliz*.

Feliz? O outro día, cas de René Fortuny, un sandeu dixo: «O obxectivo é ser feliz malia todo». Ao volvermos no coche, díxenlle a Nancy: «Oíches comentario máis mediocre algunha vez?». Ao que Nancy respondeu con finura: «E logo, ao teu ver, cal sería o obxectivo...?». Para ela, a felicidade é lexítima, entendes? Ela forma parte desa xente para a cal a felicidade é lexítima.

Sabes o que me reprochou hai nada? Mandeí cambiar unha cortina do cuarto da lavadora. Sabes canto me leva o tipo por colocar a cortina xaponesa que podó comprar xa

feita en calquera hipermercado? Mil seiscentos cincuenta francos. Discuto. Non quero que me rouben, entendes? Ao cabo o tipo, un ladrón, baixa trescentos francos. Sabes o que me reprocha ela? Que perdese hora e media para que me rebaixase trescentos francos. E cal é o seu argumento? Ti valóruste en trescentos francos a hora. Coida que me ofende. E o seu outro argumento? O tipo ten que facer pola vida. Ela éche así.

De modo que es feliz. Cando menos, iso é o que se di de ti.

Falando da túa inacción, da túa non fertilidade, dinme: El é *feliz*. Trouxen ao mundo un tipo feliz.

Eu, que me esforzo por experimentar un lixeiro contento no medio deste agradable macizo, procreei un home feliz. Eu, que fun acusado, primeiro de todo pola túa nai, de tiranía, sobre todo con respecto a ti, que fun acusado de severidade excesiva, de inxustiza un día si e outro tamén, hoxe contemplo o bo, o excelente resultado do meu método educativo. Non prevía eu a eclosión dun contemplativo, xaora, pero que quere un pai se non a felicidade dos seus?

*Feliz*, dime a túa irmá. Ten trinta e oito anos. Percorre o mundo coas catro cadelas que lle produce o alugueiro do piso pagado por min.

Percorre o mundo. Admitámolo.

E digo eu: «Que fai? Pola mañá sae do *bungalow*. Esculca o mar. É fermoso. Si, si, é fermoso, de acordo. Esculca o mar. Ben. Son as sete e doce. Torna ao *bungalow*, come unha papaia. Volve saír. Segue a estar fermoso. Son as oito e trece. E despois?».

Que acontece despois? A partir de aquí hasme explicar a palabra *feliz*.

Tes boa cara. Vai bo tempo en Mombasa. Mombasa ou Kuala Lumpur, tanto me ten, non entro nos detalles.

